

3 Le con atención e separa coas comas necesarias a aclaración que contén cada oración.



- Luz atopouse con Carla, a súa mellor amiga, e saíron decontado ao patio.

- Xurxo, que é moi mañoso, participará nun concurso de traballos manuais.



- Vimos a Tomé, o mestre de matemáticas, cando paseaba co seu can.

4 Copia as oracións introducindo onde se indica a aclaración que fai cada rapaz.

- Viena * será a cidade onde se celebre o concerto.

Viena, que é a capital de Austria, será a cidade onde se
celebre o concerto.



Viena é a capital de Austria.

- O avó Suso * deume os parabéns por teléfono no meu aniversario.

O avó Suso, que vive en Betanzos, deume os parabéns por
teléfono no meu aniversario.

O avó Suso vive en Betanzos.



- O Museo da cidade * volveu abrir as súas portas.

O Museo da cidade, que estaba en obras, volveu abrir
as súas portas.



O Museo da cidade estaba en obras.

5 Escríbelle unha nota a teu pai ou a túa nai para explicar que telefonaron varias persoas. Non esquezas as comas para separar o nome do destinatario, para as aclaracións e na enumeración.
RL.